



CEIP PLURILINGÜE DE SESTELO-BAIÓN

Matrícula en liña

Instrucións de axuda para as familias



Índice

1. Introducción.....	3
2. Aplicativo para a formalización de matrícula en liña.....	3
3. Prazos para a formalización de matrícula en liña.....	3
4. Alumnado destinatario da matrícula en liña.....	3
5. Procedemento das familias para a matrícula en liña.....	3
a) Acceso a Admisión Alumnado (sen autenticarse).....	4
b) Acceso a Admisión Alumnado (despois de autenticarse).....	4
c) Inicio da matrícula en liña.....	5
d) Recollida de datos.....	7
e) Finalizar a formalización da matrícula en liña.....	11



1. Introducción

Este documento ten como obxectivo guiar ás familias sobre o procedemento de matrícula en liña.

A matrícula en liña permite formalizar a matrícula sen desprazarse ao centro educativo. Esta modalidade **convive coa tramitación presencial**, polo que se pode elixir a modalidade que mellor se adapte ás necesidades de cada familia.

2. Aplicativo para a formalización de matrícula en liña

A matrícula en liña poderá realizarse desde un dispositivo móbil ou desde unha computadora empregando o aplicativo [Admisión Alumnado](https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado) - <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>.

O alumnado destinatario que estivo escolarizado no curso 2025/26 no sistema educativo galego recibirá **unha ligazón de acceso** a [Admisión Alumnado](https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado) na aplicación Abalar Móbil.

3. Prazos para a formalización da matrícula en liña

O aplicativo estará dispoñible para a formalización de matrícula en liña nos seguintes prazos:

- Educación infantil e educación primaria: **do 20 ao 30 de xuño**.
- Educación secundaria obrigatoria e bacharelato: do 23 de xuño ao 07 de xullo.

4. Alumnado destinatario da matrícula en liña

Poderá formalizar a matrícula en liña:

- Alumnado con praza asignada que participou no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 para entrar no sistema educativo, en 4º de Educación Infantil ou 1º de Educación Primaria.
- Alumnado con praza asignada que participou no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 para cambiar voluntariamente de centro.
- Alumnado con praza reservada que inicia etapa educativa nun centro e proceda dun centro adscrito.
- Alumnado que vaia cursar calquera curso das ensinanzas de ESO ou Bacharelato no curso 2026/27.

Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en Educación Infantil e Educación Primaria sen cambio de centro **non é necesario presentar formulario de matrícula**.



5. Procedemento das familias para a matrícula en liña


En cada un dos apartados deste punto amosaranse as imaxes das dúas versións ou vistas do procedemento de matrícula en liña: desde unha computadora e desde un dispositivo móbil.

As persoas usuarias poden acceder ao aplicativo **AdmisionAlumnado**, tanto na súa versión para ordenador ou na súa versión para dispositivos móbiles, premendo no botón verde de inicio de sesión (situado na parte superior dereita da interface) ou no botón azul co texto **"Entrar Iniciando Sesión"**.

a) Inicio da matrícula en liña

Para acceder, será necesario **autenticarse mediante certificado ou DNI dixital** (seleccionando a opción Entrar baixo *Ou entre con certificado dixital*) ou **autenticarse con Chave365** ou **usuario corporativo (xunta.gal ou edu.xunta.gal)** seleccionando a opción correspondente no menú despregable (onde aparece por defecto o texto *Usuario de educación*).

Vista da computadora:



Vista do móbil:



b) Acceso a Admisión Alumnado (despois de autenticarse)

Unha vez confirmada a identidade, na esquina superior dereita amósase un botón de cor vermella que permite pechar a sesión (saír do espazo persoal) en calquera momento e, á súa esquerda, o nome e apelidos da persoa usuaria autenticada.

Vista da computadora:



Vista do móbil:



c) Inicio da matrícula en liña


Para iniciar o procedemento de matrícula en liña, existen dúas opcións:

- **1. Alumnado destinatario que participou no procedemento de admisión 2026/27 e ten praza asignada:** Empregar o menú **2.6 As miñas solicitudes** e premer no despregable de opcións elixindo **Matricular** para xerar a solicitude de matrícula.

Vista da computadora:



Vista do móbil:



2. Alumnado destinatario que **non participou** no procedemento de admisión 2026/27:

Empregar a opción **2.4.1 Crear** (*segundo a ruta: 2.4 Matricula >> 2.4.1 Crear*).

No apartado **“observacións”** visualizarase información relativa á permanencia da alumna/o no centro. Os dous tipos de avisos que poden aparecer son:

- *A alumna/o renunciou a súa permanencia.*
- *A alumna/o perdeu a súa permanencia.*

A persoa usuaria deberá premer no botón **Matricular** para xerar a solicitude de matrícula.

Vista da computadora:



AdmisionAlumnado

1 Inicio

2 Solicitudes

2.1 Reserva

2.2 Admisión

2.4 Matrícula

2.4.1 Crear

Rexistrar matrícula

Listaxe do alumnado sobre que pode xerar a matrícula

Cod. Sol. Admisión/Reserva	Nome alumno/a	Centro	Curso solicita	Observacións	Estado	Opcións
0361171283	Alumnado Apellido Segundo	159999999 - IES de Probas	4º Ensinanza secundaria obrigatoria			Matricular

Vista do móbil:

AdmisionAlumnado

Rexistrar matrícula

Listaxe do alumnado sobre que pode xerar a matrícula

Solicitud:

Alumno Probas

36013758-IES Laxeiro

3º Ensinanza secundaria obrigatoria

Obs:

Matricular

d) Completar os datos de matrícula

Unha vez iniciada a matrícula en liña, deben cubrirse os datos da pantalla seguinte. Todas as solicitudes recollerán:

- **Datos da persoa solicitante e datos da persoa proxenitora ou acolladora, de ser o caso.** De ser preciso, o enderezo pode actualizarse neste apartado desta pantalla.
- **Datos da alumna/o.**
- **Centro docente e curso.**
- **Servizos complementarios.** No caso de que o centro dispoña de servizo de transporte escolar e/ou de comedor escolar, aparece unha pregunta sobre se a alumna ou alumno solicitou o uso desde servizos, e mesmo da parada de transporte. Debe responderse SI ou NON e no caso de **indicar SI** para o transporte escolar, **indicar a parada**.
- **Lingua materna.** Na etapa de educación infantil (4º de ED: Infantil) deberase escoller a lingua materna da/o alumna/o.

Vista da computadora:

AdmisiónAlumnado

1 Inicio

2 Solicitudes

2.1 Reserva

2.2 Admisión

2.4 Matriculación

2.4.1 Crear

2.6 As miñas solicitudes

11 Axuda

Proceso de Matriculación

Prema aquí para recuperar as instrucións do centro para cumprimentar a matriculación

Persoa solicitante (proxenitora, titora ou acolledora) ¹

Nome *

Usuario Probas

Primeiro apelido *

Responsable Alu Eao les

Segundo apelido

Probas

Tipo DNI/NIE

DNI

DNI/NIE *

Tipo de vía

Nome da vía *

Código postal *

15703

Provincia *

Coruña (A)

Concello *

Santiago de Compostela

Localidade *

- Selecciona un elemento -

Parrquia

Lugar

- Selecciona un elemento -

Teléfono 1

Teléfono 2

Correo electrónico

O alumnado maior de idade ou menor emancipado poderá actuar como solicitante.

Outra persoa proxenitora, titora ou acolledora

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Tipo DNI/NIE

DNI

DNI/NIE *

Alumno/a

Nome *

Primeiro apelido *

Segundo apelido

Tipo DNI/NIE

DNI

DNI/NIE *

Centro docente e curso

Código do centro *

15025712

Nome do centro

IES Antonio Pitaquis Pitaquis

Curso *

2º Bacharelato

Modalidade *

- Selecciona un elemento -

Vista do móbil:

AdmisiónAlumnado

Proceso de Matriculación

Prema aquí para recuperar as instrucións do centro para cumprimentar a matriculación

Persoa solicitante (proxenitora, titora ou acolledora) ¹

Nome *

Solicitante

Primeiro apelido *

Probas

Segundo apelido

Tipo DNI/NIE

DNI

DNI/NIE *

00000000T

Tipo de vía

Rua

Nome da vía *

San Caetano

Número

1

Bloque

Andar

Porta

Código postal *

15781

■ **Datos en función da etapa educativa ou do curso no que se matricula o alumnado**

Segundo a etapa educativa ou o curso no que se matricule a alumna ou o alumno pódense realizar diferentes escollas. A pantalla sempre mostrará as áreas ou materias obrigatorias ou comúns e as opcións a escoller:

- **Educación Infantil:** debe seleccionarse entre **Atención educativa** ou **ensinanzas relixiosas**.
- **Educación Primaria:** debe seleccionarse entre **Proxecto Competencial** ou **ensinanzas relixiosas**.

Página 8 de 12

Vista da computadora:

2º de Bacharelato (Ordinario)

Materias Comúns:

☐ Educación física
 ☐ Filosofía
 ☐ Historia da filosofía
 ☐ Historia de España
 ☐ Lingua castelá e literatura I
 ☐ Lingua castelá e literatura II
 ☐ Lingua galega e literatura I
 ☐ Lingua galega e literatura II

Proxecto Competencial ou Ensinanzas relixiosas: *

-- Selecciona un elemento --

Primeira Lingua Estranxeira: *

-- Selecciona un elemento --

Materia Obligatoria a Escorrer: *

-- Selecciona un elemento --

Materias de Opción da Modalidade (elixe mínimo 2 e indica a preferencia): *

Seleccionar

Materias

		Preferencia
☐	Análise musical II	
☐	Artes Escénicas II	
☐	Bioloxía	
☐	Coro e Técnica Vocal II	
☐	Debuxo técnico II	
☐	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	
☐	Física	
☐	Grego II	
☐	Historia da arte	
☐	Historia da música e da danza	
☐	Latín II	
☐	Literatura Dramática	
☐	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	
☐	Química	
☐	Tecnoloxía e Enxeñaría II	
☐	Xeografía	
☐	Xeoloxía e Ciencias Ambientais	

Vista do móbil:

Alumno/a

Nome *

Alumno

Primeiro apelido *

Probas

Segundo apelido

Tipo DNI/NIE

DNI

DNI/NIE

Centro docente e curso

Código do centro *

36013758

Nome do centro

IES Laxeiro

Curso *

3º Ensinanza secundaria obrigatoria

Servizos complementarios

Solicita servizo de transporte escolar

☐ Si
 ☒ Non

Parada solicitada

Solicita servizo de comedor escolar

☐ Si
 ☒ Non

Autorizacións

Uso da imaxe persoal/voz por parte do centro

☐ Si
 ☒ Non

3º de ESO

Materias Comúns:

☒ Bioloxía e xeoloxía
 ☒ Educación en Valores Cívicos e Éticos
 ☒ Educación física
 ☒ Educación plástica, visual e audiovisual
 ☒ Física e química
 ☒ Lingua castelá e literatura
 ☐ Lingua galega e literatura



3º de ESO

Materias Comuns:

- ☒ Bioloxía e xeoloxía
- ☒ Educación en Valores Cívicos e Éticos
- ☒ Educación física
- ☒ Educación plástica, visual e audiovisual
- ☒ Física e química
- ☒ Lingua castelá e literatura
- ☒ Lingua galega e literatura
- ☒ Matemáticas
- ☒ Música
- ☒ Xeografía e historia

Proxecto Competencial ou Ensinanzas relixiosas: *

Proxecto competencial

Primeira Lingua Estranxeira: *

Lingua estranxeira - Francés

Materia Optativa (elixe e indica a preferencia):

Seleccionar	Materias	Preferencia
☐	Cultura clásica	
☐	Cultura	
☐	Financeira	
☐	Educación Dixital	
☐	Oratoria	

Documentación que se achega

A partir de 3º ESO: xustificante pago do seguro obrigatorio

[Achegar Documento](#)

Fotocopia DNI alumna/o (se non ten DNI piden a folia de inscrición no rexistro civil ou a partida de nacemento)

[Achegar Documento](#)

- **Documentación que se achega:** Ademais da solicitude de matrícula achegarse o seguinte.... (clica na seguinte palabra para ver o documento de PROTECCIÓN DE DATOS).

DOCUMENTO

A documentación debe axuntarse a través da ligazón *Achegar Documento* (arquivos con formato *pdf*, *png*, *gif*, *jpeg* e cun peso máximo de 5 MB).

Vista da computadora:

Documentación que se achega

Tipo documento	Arquivo	Data	Opcións
A partir de 3º ESO: xustificante pago do seguro obrigatorio	Achegar Documento		
Fotocopia DNI alumna/o (se non ten DNI piden a folia de inscrición no rexistro civil ou a partida de nacemento)	Achegar Documento		
Fotografías	Achegar Documento		
Na ESO e BAC: certificación académica de acceso aos estudos	Achegar Documento		

[Crear](#) [Cancelar](#)

EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

edre@xunta.gal 2.1.44/s11 Contacto



Vista do móbil:

A obrigabilidade de entregar un documento non impide finalizar a formalización da matrícula.

Os documentos pendentes poderán entregarse no prazo establecido para a formalización da matrícula en liña a través da mesma aplicación ou, unha vez rematado o prazo de matrícula, soamente poderán achegarse de forma presencial.

e) Finalizar a formalización da matrícula en liña

Para finalizar o procedemento de matrícula en liña deberase premer no **botón Crear**. Tras este paso, o sistema amosará a pantalla de rexistro de matrícula. Na columna Opcións da listaxe, figurará un botón co texto **"Ver Solicitud De Matrícula"**, que lle permitirá revisar e verificar toda a información introducida.

Vista da computadora:

AdmisiónAlumnado

USUARIO PROBAS

Rexistrar matrícula


Ano académico de traballo: 2026/2027

Listaxe do alumnado sobre que pode xerar a matrícula

Cod. Sol. Admisión/Reserva	Nome alumno/a	Centro	Curso solicita	Observacións	Estado	Opcións
0361171283	Alumnado Apelido Segundo	15999999 - IES de Probas	4º Ensinanza secundaria obrigatoria		Presentada	Ver Solicitud De Matrícula



Vista do móbil:



Un **xustificante de matrícula** en formato PDF pódese obter de dous xeitos:

1. **De xeito inmediato (recomendado):** na mesma pantalla de rexistro de matrícula, xusto ao finalizar o proceso, pódese premer directamente no botón **Ver Solicitud de Matrícula**.
2. **A posteriori:** se non se descargou no seu momento, poderase obter máis adiante accedendo ao menú **2.6 As miñas solicitudes**. Unha vez aí, existen dúas vías:
 - Premer no botón **Rexistrar matrícula** e seguir as indicacións do punto anterior.
 - Ir directamente á columna **Opcións** e seleccionar **Ver Solicitud de Matrícula**.

En ambos os dous casos, unha vez se estea visualizando a solicitude, deberase premer no botón **Xerar Informe** (situado ao final da pantalla). O sistema creará o documento PDF, ao que se poderá acceder visitando o **Buzón de Informes**.